



**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**3º PRIMARIA**

**CEIP ILLAS CIES / CURSO 2019/20**

## ÍNDICE

	Pax.
<u>1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.</u>	3
<u>2-Avaliación e cualificación</u>	7
<u>3-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e ampliación)</u>	8
<u>4- Información e publicidade.</u>	9

## 1-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

### ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA 3º DE PRIMARIA

Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento	CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.
	CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
B2.3. Diseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
	CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.

### ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.1.Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1.Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.
B2.2.Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas	CSB2 2.1.Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.

características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima.	CSB2.2.2.Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.
B2.4. Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive	CSB2.4.1. Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
B2.7. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitacións.	CSB2.7.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.	CSB2.13.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.
B2.14. Localizar nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma e coñecer algunha característica relevante de cada un deles.	CSB2.14.1. Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos.
B3.1. Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental.	CSB3.1.1. Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.
<b>ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto de uso.	LCB1.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.

B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.
B2.1. Ler en voz alta e en silencio diferentes textos.	LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
B3.7. Escribir os textos establecidos no Plan de escritura.	LCB3.7.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significad das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita.
B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua	LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.
B5.1. Valorar os textos literarios como fonte de lecer e información	LCB5.1.1. Valora e recoñece de forma global, distintos textos literarios sinxelos, como fonte de lecer e de información
<b>ÁREA DE MATEMÁTICAS</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000.
	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.



B3.5. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
B4.1. Identificar figuras planas e corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos (lados, vértices, caras, arestas e ángulos).	MTB4.1.1. Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
B4.2. Coñecer e distinguir a circunferencia e o círculo, así como os seus elementos básicos.	MTB4.2.1. Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos.
B4.4. Saber o que é un ángulo e as clases de ángulos.	MTB4.4.1. Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos
B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.1.2. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación
<b>ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
B1.1. Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.	LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.
B4.7. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	LGB4.7.1. Valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos sinxelos, procedentes da literatura galega en xeral, e da literatura galega popular en particular.	LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	
Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepto.	VSCB1.1.2. Expresa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais.
B1.3. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.3.2. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.
B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos	VSCB1.4.3. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta.

2-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Investigacións, tarefas a nivel escrito e/ou dixital e realizacións artísticas.</li> <li>• Resolución de situacións problemáticas da vida cotiá.</li> </ul> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexistro diario de correos recibidos, chamadas, reunións.</li> <li>• Rexistro descritivo de resolución de tarefas.</li> <li>• Análise das producións do alumnado a nivel escrito e dixital. Textos escritos e realizacións plásticas.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A media aritmética da cualificación numérica da 1ª e 2ª avaliación</li> <li>• Realización de tarefas de repaso, reforzo, recuperación ou ampliación (segundo o caso do alumno) durante o 3º trimestre.</li> <li>• Tarefas específicas para o alumnado que teña o 1º ou 2º trimestres suspenso para recuperalo.</li> <li>• Valoración da asiduidade de envío das tarefas e a súa calidade (de 0 ata 1 punto)</li> <li>• Teranse en conta as cualificacións que favorezan ao alumnado.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria setembro</b>	Non se realiza.

Alumnado con materia pendente	Non hai neste curso
-------------------------------	---------------------

3-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización semanal de tarefas competenciais globalizadas e interdisciplinares ou por áreas, vinculadas aos estándares de aprendizaxe traballados no 1º e 2º trimestre co obxectivo de reforzar, recuperar ou ampliar segundo o caso.</li> <li>• Tarefas fundamentadas na situación actual que estamos vivindo sobre a pandemia.</li> <li>• As conmemoracións que se celebran neste trimestre: <ul style="list-style-type: none"> <li>-Día do Libro</li> <li>-Día de Europa</li> <li>-Letras Galegas</li> <li>-Día do Medio ambiente.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A metodoloxía consiste en colgar todos os luns as tarefas no espazo web do centro para cada titoría e especialidade. O alumnado ten a semana para realizalas, debendo mandar evidencias do seu traballo: creacións, producións, gravacións ou fichas ao email da titoría ou especialidade para a súa supervisión por parte do docente.</li> <li>• Para o alumnado que non ten conectividade, tentaráselle buscar equipos informáticos con conectividade.</li> <li>• Blog de aula para celebracións e aportacións dos alumnos/as</li> <li>• Tarefas con fotos.</li> <li>• Abalar móbil para incidencias, comunicados ou mensaxeria</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<p><b>Material</b> Tarefas variadas encomendadas vía Web. Materiais e soportes dos que dispoñen no domicilio: material funxible e dispositivos móbiles.</p> <p><b>Recursos:</b> -Web centro -Email titorías, especialidades e do centro. -Abalar Móbil</p>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Licenzas de libros dixitais</li> <li>-Teléfono do centro</li> <li>-Teléfono do profesorado</li> <li>-Asesoramento e colaboración do Dto, de orientación</li> <li>-Mestra de REFÓRZA-T para dous alumnos/as.</li> <li>-ACHEGA para un alumno con contacto telefónico coa titora como durante o curso presencial.</li> </ul>
--	--

4-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
<b>Información ao alumnado e familias</b>	<p>Empregarase o email do profesorado da titoría e especialistas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Correos masivos ás familias</li> <li>-Abalar móbil para comunicados e incidencias de aula.</li> <li>-Páxina web do centro na súa páxina principal para anuncios xerais.</li> <li>-Blog de aula para mostrar algúns traballos dos alumnos/as</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Publicación na páxina web do centro.</li> <li>-Publicación semanal no apartado adicado ao curso correspondente.</li> </ul>